

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6488 REAL DECRETO 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras. («BOE» 78, do 1-4-2003.)

A Directiva 1999/74/CE do Consello, do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, establece que os estados membros velarán por que os establecementos cubertos polo seu ámbito de aplicación sexan rexistrados pola autoridade competente cun número distintivo que fará posible a trazabilidade dos ovos comercializados para o consumo humano.

Posteriormente, o Regulamento (CE) n.º 5/2001 do Consello, do 19 de decembro de 2000, polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1907/90 do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativo a determinadas normas de comercialización dos ovos, establece a obrigatoriedade de marca-los ovos cun código que exprese o número distintivo do produtor e que permita identificar a forma de cría.

Así mesmo, as formas de cría defínense no Regulamento (CEE) n.º 1274/91 da Comisión, do 15 de maio de 1991, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1907/90 e no Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, no que respecta ó método de produción ecolóxica.

En consecuencia, a existencia dun rexistro dos establecementos en función dos seus números distintivos constitúe unha condición para a trazabilidade dos ovos comercializados para consumo humano, polo cal a Directiva 2002/4/CE da Comisión, do 30 de xaneiro de 2002, relativa ó rexistro de establecementos de galiñas poñedoras, establece a obriga dos estados membros de establecer un sistema de rexistro de tódolos lugares de produción (establecementos) cubertos polo ámbito de aplicación da Directiva 1999/74/CE, mediante a asignación a cada un deles dun número distintivo.

Mediante este real decreto, polo tanto, procédese a incorporar ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/4/CE.

Na elaboración desta norma foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2003,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer e regular o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras, así como os datos necesarios para a súa inscrición e a caracterización dos números distintivos identificadores de tales establecementos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Galiñas poñedoras: as galiñas da especie *Gallus gallus* que alcanzasen a madurez para a posta de ovos e criadas para a produción de ovos non destinados á incubación.

b) Establecementos: tódolos lugares de produción nos que se encontren polo menos 350 galiñas poñedoras, excepto os destinados exclusivamente á cría de galiñas poñedoras reproductoras.

c) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adscrito á Dirección Xeral de Gandería, un Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras. Este rexistro inclúe os datos que constan nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. O Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras terá carácter público e informativo e quedará á disposición de tódalas autoridades competentes para efectos da trazabilidade dos ovos comercializados para o consumo humano.

3. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Gandería os datos que figuren nos seus rexistros, debidamente actualizados, para os efectos da súa inclusión no Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras. Para isto, as comunidades autónomas inscribirán nun rexistro os establecementos de galiñas poñedoras que se atopen no seu ámbito territorial, cos datos que se sinalan no artigo 4.3, outorgando un número de identificación, regulado no artigo 5.

4. Para os efectos do establecido no punto anterior, os rexistros das comunidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras, ó que terán acceso informático tódalas comunidades autónomas.

Artigo 4. *Obrigas dos titulares dos establecementos.*

1. A partir do 1 de xuño de 2003, ningún novo establecemento poderá iniciar a súa actividade sen estar

rexistrado e ter recibido o correspondente número distintivo.

2. O titular de cada establecemento deberalles facilitar ás autoridades competentes, antes do comezo da súa actividade, polo menos os datos necesarios para o rexistro que figuran no punto seguinte, así como calquera modificación que se produza posteriormente.

3. Os datos que deberán figurar no rexistro son os seguintes:

- a) Nome e enderezo do establecemento.
- b) Nome e apelidos, así como enderezo da persoa física responsable das galiñas poñedoras.
- c) Número de rexistro de calquera outro establecemento cuberto polo ámbito de aplicación deste real decreto xestionados polo responsable ou dos cales este sexa responsable.
- d) Nome, apelidos ou razón social e enderezo do propietario do establecemento cando non coincida co responsable.
- e) Número de rexistro de calquera outro establecemento de galiñas poñedoras xestionadas polo propietario ou que lle pertencen.
- f) Forma de cría do establecemento distinguindo entre cría campeira, en chan, gaiolas, de acordo co establecido no número 1 do artigo 18 do Regulamento (CEE) n.º 1274/91 da Comisión, do 15 de maio de 1991, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1907/90, relativo a determinadas normas de comercialización dos ovos, ou produción ecolóxica, no suposto de que se reúnan os requisitos establecidos no Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrícolas e alimenticios.
- g) Capacidade máxima do establecemento en número de aves presentes á vez; se se empregan adicionalmente formas de cría diferentes, o número de aves presentes á vez por forma de cría.

Artigo 5. *Número distintivo.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas procederán a outorgarlle a cada establecemento un número distintivo integrado polo código de forma de cría, o código do Estado membro e o número de identificación do establecemento.

2. A forma de cría identificarase mediante os seguintes códigos:

- a) 0, para a produción ecolóxica.
- b) 1, para a campeira.
- c) 2, para a realizada en chan.
- d) 3, para a de gaiolas.

3. O código do Estado membro correspondente a España será «ES» e figurará inmediatamente despois do código de forma de cría.

4. As autoridades competentes das comunidades autónomas atribuirán a cada establecemento un número único que garanta a súa identificación. Este número estará composto por dous díxitos correspondentes ó código da provincia, seguido de tres díxitos para o código de municipio onde radique o establecemento, seguido dun código de sete díxitos que os identifique de forma única dentro do municipio.

5. Poderase engadir un carácter adicional ó número distintivo que permita identifica-las mandas mantidas en naves ou edificios separados pertencentes a unha explotación ou granxa.

Artigo 6. *Inscripción no rexistro.*

Unha vez recibidos no rexistro establecido para o efecto en cada comunidade autónoma os datos completos de calquera establecemento, procederase a realiza-la atribución do número de identificación correspondente, o rexistro e á modificación da inscrición e do número atribuído ó establecemento.

Artigo 7. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, no seu Regulamento aprobado polo Decreto do 4 de febreiro de 1955 e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

O Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras previsto no artigo 3 funcionará cos actuais recursos humanos e materiais dos que dispón o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria única. *Establecementos en funcionamento.*

1. Os titulares dos establecementos que xa estiveran en funcionamento antes da entrada en vigor deste real decreto deberanlles facilitar ás autoridades competentes os datos necesarios para o rexistro incluídos no artigo 4, antes do 1 de maio de 2003.

2. A autoridade competente procederá, se é o caso, á correspondente inscrición no rexistro e á súa notificación ós interesados co número distintivo atribuído a cada establecemento, antes do 31 de maio de 2003, de conformidade co establecido nos artigos 5 e 6.

3. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para que aqueles establecementos que non procedesen a facilita-los datos necesarios para proceder á súa inscrición no rexistro non se poidan seguir utilizando e, de se-lo caso, proceder á súa clausura, a partir do 1 de xuño de 2003.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera outra disposición, de igual ou inferior rango, en todo aquilo que se opoña a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

As disposicións deste real decreto terán o carácter de normativa básica estatal, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 28 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

6586 *LEI 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. («BOE» 79, do 2-4-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de reforma da lexislación mercantil española, como consecuencia da necesaria adaptación da nosa lexislación ás directivas comunitarias en materia de sociedades, experimentou un importante avance en 1995, por razóns de obxectivo e premente necesidade. A Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, introduciu unha maior flexibilidade no réxime xurídico deste tipo social, configurándoo como unha sociedade esencialmente cerrada na que conviven en harmonía elementos personalistas e capitalistas, que a fan especialmente aconsellada para pequenas e medianas empresas.

Desde entón, no seo das institucións europeas continuouse traballando na mellora e simplificación das condicións necesarias para a creación de empresas.

O 22 de abril de 1997, a Comisión Europea presentou unha recomendación sobre a mellora e simplificación das condicións para a creación de empresas (97/344/CEE). A recomendación supuxo un importante punto de inflexión, ó insistir ós estados membros sobre a necesidade de simplificar os trámites para a creación de empresas, e deu lugar a outras iniciativas posteriores como a creación pola Comisión Europea, por mandato do Consello Europeo de Amsterdam de 1997, do grupo operativo para a simplificación do contorno empresarial (Grupo BEST). Os traballos do grupo materializáronse na aprobación en abril de 1999 do «Plan de acción para promover o espírito empresarial e a competitividade» (Plan de acción BEST), que reiterou as suxestións incluídas na Recomendación de 1997.

Posteriormente, en marzo de 2000, o Consello Europeo de Lisboa identificou como unha das tarefas que hai que levar a cabo a formación dun contorno que facilite a creación e o desenvolvemento de empresas innovadoras, en particular de PEME.

Na «Carta Europea da Pequena Empresa» (Carta de Feira), adoptada en xuño de 2000 por mandato do Con-

sello Europeo de Lisboa, os estados membros comprometéronse a forxar un marco xurídico e administrativo que propicie a actividade empresarial a través dunha posta en marcha menos custosa e máis rápida, ampliándose as posibilidades de inscrición, en liña, nos rexistros.

A Carta de Feira é o marco político europeo de actuación en favor das PEME e, para a súa execución, o Consello aprobou o «Programa plurianual en favor da empresa e o espírito empresarial, en particular para as PEME», vixente para o período 2001-2005. Precisamente, un dos obxectivos do programa é simplificar e mellora-lo marco administrativo e regulamentario das empresas para favorecer a súa creación.

En febreiro de 2002, o Parlamento Europeo, mediante Resolución (2002/0079) sobre a estratexia para o pleno emprego e a inclusión social no marco da preparación do Cumio de primavera de 2002, o proceso de Lisboa e o camiño que se ten que seguir, urxiu os estados membros a apoiaren o uso de formularios estándar, así como o uso intensivo das tecnoloxías da información e as comunicacións nos intercambios coas administracións públicas, especialmente nos procedementos de establecemento, rexistro e publicidade da creación de empresas en consonancia coa Carta de Feira.

En febreiro de 2002, a Conferencia de Ministros Europeos de PEME, celebrada en Aranjuez, insistiu na necesidade de establecer fórmulas societarias sinxelas e mellor adaptadas á realidade das empresas máis pequenas.

Así mesmo, incidíuse na necesidade de facer un maior uso das tecnoloxías da información e das comunicacións.

Finalmente, o Consello Europeo de Barcelona renovou e reforzou estes compromisos, insistindo na necesidade de crear un contorno favorable, mellor e máis adaptado á realidade das PEME.

Estas propostas poñen de manifesto a vontade das institucións europeas de remove-los obstáculos administrativos que dificultan ás empresas a súa constitución e o desenvolvemento da súa actividade.

Por último, introdúcense modificacións no Código civil vixente en tres aspectos puntuais nos que se ordenan as relacións entre os membros dunha familia e a sucesión da unidade productiva, para dotala de instrumentos que permitan deseñar, en vida do emprendedor, a sucesión máis adecuada da empresa en tódalas súas posibles configuracións: societarias, empresa individual, etc. Estas modificacións, aplicables exclusivamente ó territorio común, que se rexe polo Código civil, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución española, realízanse atendendo, ademais, a un criterio integrador do ordenamento privado no conxunto das lexislacións civís do Estado.

II

Esta regulación acomete o compromiso de reforza-lo espírito innovador e emprendedor que permita as nosas PEME afrontar os retos que formula o Mercado Único. Do mesmo modo, establece un marco normativo mercantil e administrativo capaz de estimular a actividade empresarial e mellora-la posición competitiva das pequenas e medianas empresas no mercado, dando cumprimento ós compromisos da Carta Europea da pequena empresa.

Estas previsións materialízanse en actuacións que teñen que comezar, precisamente, pola simplificación dos trámites de constitución de empresas e polo emprego da asistencia técnica necesaria para axudalas tanto nos momentos previos á súa constitución, como durante os primeiros anos da súa actividade.

Para iso, esta lei desenvolve o denominado «Proxecto Nova Empresa» que ten por obxecto estimular a creación de novas empresas, especialmente as de pequena e